



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 23 DE NOVEMBRO DE 2016**

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte horas do día vintetres de novembro de dous mil dezaseis, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os sres. concelleiros: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledesma; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Martínez Troncoso; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Salomé Peña Muñiz; D<sup>a</sup> Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Non asiste ; D. Luis Serantes Alvarez.

Actúa como Secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Franco Mateo.

### **1º.- ACTA ANTERIOR.-**

Dase conta á Corporación da acta de sesión anterior, correspondente á ordinaria celebrada con data 3 de agosto de 2016.

Pola Alcaldía-Presidencia se pregunta ós Sres. Concelleiros se teñen algunha obxección que facer ás mesmas e non realizándose observación algunha a mesma é aprobada por unanimidade na forma en que está redactada.

### **2º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2015.-**

Neste punto da Orde do día dase conta da Conta Xeral do Orzamento correspondente ó exercicio de 2015, que foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada con data 21 de setembro de 2016, e exposta ó público polo prazo regulamentario, mediante anuncio insertado no B.O.P. Nº 197 de 14 de outubro de 2016, sen que se presentaran reclamación algunha contra a mesma, polo que procede sometela á aprobación do Pleno.-

A Sra. Peña Muñiz dí que é un documento contable , se ben incide en dous temas: que se ve que hai unha porcentaxe de execución importante sen executar.- Que cando este goberno tomou posesión dixeron que tiñan as partidas practicamente agotadas e resulta que nos seguintes seis meses o 50% quedou sen executar no caso de investimentos e de gastos correntes.- Engade que hai unha cantidade importante que se ven considerando como de dudoso cobro e que sería convinte realizar unha depuración de resultas que se veñen arrastrando de anos anteriores para que a contabilidade recolla datos máis reais.-



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

A SRa. Martínez Troncoso dí que unha cousa é que haxa remanente e outra que teña as partidas presupostarias con importes negativos.- Da conta dos saldos que estaban negativos nalgúñas partidas (aínda que existira nivel de vinculación xurídica); e que nesa data moitas partidas estaban practicamente executadas

Dase lectura ó resumo da mesma, sendo os datos do Remanente de Tesourería a data de 31 de decembro de 2015 os seguintes:

Fondos líquidos na Tesourería a final do exercicio	1.211.221,47 €
Debedores pendentes de cobro ó final do exercicio	1.213.560,64 €
De Orzamento corrente	428.184,21 €
De Orzamentos pechados	763.965,06 €
De operacións non orzamentarias	21.411,37 €
Obrigacións pendentes de pago ó final do exercicio	248.737,96 €
- De Orzamento corrente	89.464,86 €
- De Orzamentos pechados	30.483,50 €
- De operacións non orzamentarias	128.789,60 €
Remanente de Tesourería total	2.176.044,15 €
Saldo de dubidoso cobro	- 554.034,75 €
Exceso de financiación afectado	0
Remanente de Tesourería para gastos xerais	1.622.009,40 €
Remanente tesourería a incorporar a exerciico seguinte:	
Remanente a incorporar obrigatorio para gastos xerais:	133.001,32 €
Remanente a incorp. obrig. para gastos con financ. Afectada:	226.151,15 €
Remanente de Tesourería total	1.262.856,93 €

O Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (Ind. Ribadumia e Grupo Mixto) e cinco abstencións (P.P.) acorda: 1º.- Prestarlle aprobación á Conta Xeral correspondente ó Orzamento de 2015, dándose por enterada do informe sobre cumprimento de estabilidade orzamentaria emitido; 2º.- Que se proceda á súa remisión ó Tribunal de Contas, Consello de Contas de Galicia e ó órgano correspondente da Comunidade Autónoma.-



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

### **3º.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE "DOTACIÓN DE SERVICIOS EN EDIFICIO ANEXO Ó PAVILLÓN DE RIBADUMIA".**

Dase conta á Corporación de tódolos trámites realizados para a contratación da obra de "Dotación de Servicios en Edificio Anexo ó Pavillón de Ribadumia" e do acordo adoptado , en sesión celebrada con data 3 de agosto de 2016 para a anulación do procedemento para a contratación da obra de "Dotación de Servicios en Edificio Anexo ó Pavillón de Ribadumia", iniciado segundo acordo adoptado con data 14 de xullo de 2015, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e para que se procedera á redacción da "**Documentación complementaria ó Proxecto de Dotación de Servicios en Edificio Anexo ó Pavillón de Ribadumia**", por un importe total de 173.270,35 euros, máis 36.386,77 euros en concepto de IVE, o que representa un importe total de **209.657,12 euros**, incluída no Plan de Obras e Servicios Provincial de 2015, unha vez redactada e aprobada dita documentación.

O Sr. Alcalde informa de toda a tramitación do expediente anteriormente iniciado e que dadas a deficiencias que tiña o proxecto obxecto do procedemento anterior convocado foi polo que procedeuse á anulación do devandito expediente e á redacción da nova documentación e adoptouse acordo de iniciar expediente de contratación, por procedemento negociado sen publicidade, e que se invitara ó procedemento negociado sen publicidade a tódalas empresas que presentaron proposta no expediente aberto que se anulou.

A Sra. Peña Muñiz di, que por coherencia política se abstiveron cando se anulou o procedemento anterior e agora tamén se absteñen debido á tardanza na contratación da obra; dí que na mesa de contratación poñía que asinaría o informe o técnico municipal e o asina o arquitecto asesor.

O Sr. Alcalde contesta que a tardanza foi porque o proxecto anterior era unha auténtica pena e non entende como se atreve a dicir que é pola tardanza; que houbo que esperar a facer un novo proxecto e invitouse ás 22 empresas que tiñan presentado proposición anteriormente e se agora se presentaron 13.

A Sra. Peña dí que o acordo de licitación xa o adoptou o actual goberno e se entendían que o proxecto estaba mal que non o houberan sacado; que os primeiros sobres se abriron en setembro de 2015 e dende entón tardaron un ano en facer o proxecto.

O Sr. Alcalde lembra que ela sabe perfectamente, xa que ademais tiveron unha reunión para falar do tema (da que ela ausentouse ós cinco minutos porque non lle interesaba tratar o tema), que antes de redactar este proxecto había que determinar as obras que viña facendo a Deputación, por importe de 179.000 euros e terminar parte delas, xa que interferían na que agora saca o concello a contratación.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

A Sra. Martínez Troncoso engade que cando se acordou redactar un novo proxecto foi na sesión do mes de agosto de 2016 (que ela acaba de aprobar a acta) e tardouse tres meses en aprobalo, sacalo a licitación e facer a proposta de adxudicación.

O Sr. Oubiña Lago manifesta que esta obra non se podía facer se non estaba a anterior obra determinada e rematada.

A Sra. Peña insiste que este goberno foi quen o sacou a licitación e que non revisaron o proxecto antes.

Visto o acordo adoptado polo Pleno con data 3 de agosto de 2016 e o adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 31 de outubro de 2016 acordou prestar aprobación á **"Documentación complementaria ó Proxecto de Dotación de Servicios en Edificio Anexo ó Pavillón de Ribadumia"**, que ascende a un importe total de 173.270,35 euros, máis 36.386,77 euros en concepto de IVE, o que representa un importe total de **209.657,12 euros**, incluída no Plan de Obras e Servicios Provincial de 2015 e aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación da obra por procedemento negociado sen publicidade, invitando ás empresas que presentaron proposta no expediente aberto anulado mediante acordo do Pleno Municipal adoptado con data 3 de agosto de 2016. Visto que durante a licitación presentáronse as proposicións que constan no informe técnico emitido.

Visto que con data 17 de novembro constituíse a mesa de contratación e procedeuse á apertura da documentación administrativa e dos sobre B que contiñan a oferta económica e documentación técnica e melloras complementarias, co seguinte resultado:

Nº entrada	Empresa	Oferta Económica	Prazo	Melloras	Observaciones
3165	SOLADOS Y OBRAS REYSA, S.L.U. (REYSA)	167.400,00 €	1,50 meses	51.425,00 €	Detalla as melloras (escaleiras, carpintería Aluminio, calefacción)
3166	CONSTRUCCIONES PONTE AROSA, S.A.	171.334,46 €	45 días	10.970,54 €	(No especifica se as melloras levan o IVA engadido)
3174	ABACO CR, S.L.	155.943,32 €	execuc. 6 semanas	13.719,55 €	(Sen IVE) Detalla unidades de obra



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

3175	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	163.931,07 €	1,50 meses	72.000,00 €	3 Manter. Anual dos campos durante 6 anos e efic. Enerx complex deportiv
3177	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	171.537,64 €	1,50 meses	3.000,00 €	(No especifica se as melloras levan o IVA engadido)
3180	CANALIZACIONES Y CONTRUCCIONES SALNES, S.L. (CCS)	173.270,35 €	No especifica	No presenta	
3188	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	172.726,55 €	47 días naturais	0,00 €	
3189	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L. (CPA)	164.606,83 €	1,50 meses	24.100,00 €	(No especifica se as melloras levan o IVA engadido)
3190	NAROM, S.L.	155.076,96 €	1,50 meses	21.840,00 €	(No especifica se as melloras levan o IVA engadido)
3191	CONTRUCCIONES OREGA, S.L.	166.114,28 €	45 días	12.000,00 €	MAIS IVA
3192	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	167.878,95 €	1,50 meses	42.500,00 €	(prevee o inicio en xaneiro de 2017) As melloras engaden GG , BI eIVE)
3193	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	160.644,00 €	45 días	40.250,00 €	Non engade GG, BI nin IVE)
3194	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L. (ACEVI)	157.762,22 €	45 días	4.000,00 €	Non engade IVE



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Visto que a mesa de contratación acordou que se procedese á valoración das propostas polo Técnico, emitíndose dito informe con data 17 de novembro, e no que consta, entre outros extremos:

*"Que o presuposto de contrata para a licitación da obra é de Tipo de licitación: 173.270,35 euros, máis 36.386,77 euros en concepto de IVE, o que representa un importe total de 209.657,12 euros.*

*Que as empresas que presentaron ofertas son as indicadas anteriormente*

*Que de acordo coa Cláusula Oitava os aspectos de negociación son:*

- *Redución de prezo sobre o orzamento de licitación, ata un máximo de 15 puntos*
- *Redución do prazo de execución, ata un máximo de 20 puntos.*
- *Melloras complementarias á obra proxectada, ata un máximo de 45 puntos, establecendo os seguintes condicionantes:*
  - o *As melloras ofreceranse nas unidades de obra incluídas no proxecto ou nas que se estimen polo director de obra:*
    - *melloras na cantidade;*
    - *melloras de zonas adxacentes e equipamentos; maior calidade constructiva en obras proxectadas ou dalgunhas das súas unidades;*
    - *resto das obras valoraranse proporcionalmente ao valor das mesmas aplicando a fórmula: puntos = 45 x mellora ofertada/ mellora maior.*
- *Solvencia técnica do licitador. Ata un máximo de 20 puntos, establecendo os condicionantes seguintes:*
  - *Relación das obras executadas nos últimos 5 anos, xustificando o prazo de execución*
  - *Título académico ou profesional do encargado de execución e control da obra*
  - *Clasificación da empresa contratista*

**Resumo das ofertas presentadas:**

**Valoradas** as ofertas presentadas de acordo cos criterios do Prego de C.A.P., a maior puntuación a obtén a empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS (COVSA) CON 92,70 PUNTOS, tal e como se detalla nos listados adxuntos ó informe

*Os detalles da oferta de COVSA é a seguinte:*

- *Importe total do orzamento proposto: 163.931,07 euros máis IVE, que fai un total de 198.356,59 euros*
- *Prazo de execución: 45 días*
- *Importe das melloras ofertadas: 59.504,13 euros, máis IVE, que fai un total de 72.000,00 euros.*

Vista a proposta de adxudicación a favor de "CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS (COVSA); examinada a documentación que a acompaña, de acordo coa mesma e visto que o procedemento se desenvolveu conforme o disposto NO artigo 169 e concordantes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, o o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e cinco abstencións (P.P.), acorda:



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

**PRIMEIRO.-** Clasificar as propostas presentadas, atendendo á proposta formulada, de conformidade co seguinte orde decrecente, e segundo as propostas presentadas:

Nº	EMPRESA	Puntuación total
3175	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	92,7000
3193	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	82,6326
3190	NAROM S.L.	72,7821
3192	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	66,6742
3165	SOLADOS Y OBRAS REYSA, S.L.U. (REYSA)	59,7748
3189	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L. (CPA)	58,2054
3191	CONTRUCCIONES OREGA, S.L.	54,9750
3166	CONSTRUCCIONES PONTE AROSA, S.A.	45,4527
3177	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	41,3036
3194	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L. (ACEVI)	40,8111
3188	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	36,7816
3174	ABACO CR, S.L.	29,6611
3180	CANALIZACIONES Y CONTRUCCIONES SALNES, S.L. (CCS)	0

**SEGUNDO.-** Notificar e requerir a D. Jesús Fontán Piñeiro, en representación da empresa CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS (COVSA), licitador que presentou a oferta máis ventaxosa, para que presente no prazo de dez días a contar dende o seguinte a aquel no que houbera recibido o requerimento, a documentación xustificativa de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de ter constituído a fianza definitiva que sexa procedente.

**TERCEIRO.-** Realizados ditos trámites, e previo informe correspondente, facultar ó Sr. Alcalde para que proceda a realizar a adxudicación do contrato da obra de "**Dotación de Servicios en Edificio Anexo ó Pavillón de Ribadumia**" a favor de CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS (COVSA), polo importe de *163.931,07 euros máis 34.425,52 euros en concepto de IVE, o que fai un total de 198.356,59 euros*, debendo executar as melloras ofertadas, valoradas nun importe de *59.504,13 euros, máis IVE, o que representa un total de 72.000,00 euros*, e **executar a obra nun prazo de un cuarenta e cinco días, segundo a oferta presentada**, facultándole tan amplamente como sexa necesario para a total execución do presente acordo.

**CUARTO.-** Realizada a adxudicación se proceda a notificar ós licitadores que non resultaron adxudicatarios, ós efectos oportunos e a publicación da adxudicación e da formalización do contrato no Perfil do Contratante.



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

#### **4º.- ORDENANZA E ORDENANZA FISCAL DE VADOS E ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS.-**

Dase conta da "Ordenanza Municipal de Vaos para a entrada e saída de automóviles e reservas de estacionamento", así como da correspondente "Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase"

A Sra. Martínez Troncoso explica que sométese a Ordenanza á consideración do Pleno para regularizar e dar cobertura xurídica a unha situación, sobre todo en Barrantes, na que se atopan os vados que non se sabe se teñen autorización ou non ou en qué situación se atopan.-

Explica o contido da ordenanza, e indica que se diferencia entre os vados (permanentes, laborais ou nocturnos) e reserva de espacios na vía pública, dando conta dos distintos tipos de vados; aparte das taxas, das que se da conta, resalta que nos vados non se pode estacionar, pero sí parar (se o conductor queda dentro do coche); que teñen que cumprirse todas as condicións de supresión de barreiras; unifícanse os vados: en metros, tipo de sinal, etc.

Que, en resumo, trata de normalizarse unha situación ante os problemas que se están a producir.- Que os actuais teñen un período de seis meses para realizar as obras de adecuación do vado e de un ano para o resto das obrigas; e pasado dito prazo todos os que non se haxa actualizado estarán en situación ilegal.-

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para manifestar que está de acordo en que se aprobe unha ordenanza reguladora dos vados, pero non unha ordenanza fiscal.-

Que ata de agora só se cobraba por poñer o propio vado e agora se cobra por mantelo anualmente e non de da servicio polo Concello en caso de incumprimento.

Que non está de acordo cunha nova taxa ou imposto.-

A Sra. Martínez Troncoso lémbrale á Sra. Peña que dende o ano 1998 había unha ordenanza, e que non se cumpría o que supón unha deixadez de funcións pola súa parte; que non existe unha relación de vados legalmente concedidos, e iso é un gran problema (por exemplo en caso de multa por aparcar diante dun) e que no casco urbán está a haber incluso enfrontamentos personais por este tema.-

Insiste en que a Sra. Peña incurría en deixadez de funcións xa que había unha ordenanza e non a aplicaba.

A Sra. Peña Muñiz di que se pode mirar quen teñe ingresado en concepto de vado, e que é certo que nunca se aplicou.- Que sí está de acordo en que haxa unha ordenanza que regularice, pero non que se lle aplique unha taxa.





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

A Sra. Martínez Troncoso di que dende o ano 2011 ata o 2015 se subiron as taxas un 25%; que está visto que non se fala igual cando se está no goberno que cando se está na oposición.

A Sra. Moimenta di que, segundo os veciños, anteriormente xa se viña pagando multas ó Concello por mal estacionamento diante de vados e pregunta quien chamaba á Guardia Civil, se chamaba o Concello ou como se facía e quen levaba o tema dos vados.

A Sra. Peña di que dende o Concello non se chamaba, pero se chamaba un veciño e a Guardia Civil poñía unha denuncia o Concello tiña que tramitala.

O Sr. Alcalde dí que o que se trata é de regularizar unha situación; que non existe un rexistro de vados; que foi unha irresponsable durante 14 anos por manter esta situación; que non se aproba esta norma para recadar, senon para regularizar; que parece que á Sra. Peña lle parece mal que o equipo de goberno esté a facer normas e regulamentos para solucionar os problemas existentes; que segundo segundo dí ela durante 14 anos se cobraba pola instalación de vado e non se lle daba ningún servizo ós veciños e non se cumpría coa normativa e agora se lle vai dar unha base legal.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e cinco en contra (P.P.) acorda:

1º.- Prestar aprobación á "Ordenanza Municipal de Vaos para a entrada e saída de automóbiles e reservas de estacionamento".

2º.- Prestar aprobación á Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase"

3º.- Que se expoñan ó público as Ordenanzas aprobadas, polo prazo dun mes ós efectos de presentación de reclamacións; e

4º.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra os mesmos consideraranse definitivamente aprobados, debendo procederse á publicación íntegra do seu contido no B.O.P.

**ORDENANZA MUNICIPAL DE VAOS PARA A ENTRADA E SAÍDA DE AUTOMÓBILES E RESERVAS DE ESTACIONAMENTO**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A presente ordenanza ten por obxecto regular a utilización polos particulares dos accesos a todo tipo de inmobles, cando sexa preciso cruzar beirarrúas e outros bens de dominio e uso*



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

*público, así como o estacionamento ou parada de vehículos neses espazos, cando supoña unha especial restrición do uso que lles corresponde a todos os cidadáns.*

*En consecuencia, e vista a competencia municipal nesta materia derivada dos artigos 4.1 a) e 25.2.a) e b) da Lei reguladora das bases do réxime local, do 2 de abril de 1985, arts. 6.1 a) e 80.2.a) e b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e arts. 7, 38.4 e 68.2 do Real decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, todo iso en relación co preceptuado no art. 77 do Real decreto 1372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, a Corporación aproba a presente ordenanza.*

### **TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### **Artigo 1.- Definicións**

- 1.- Constitúe vao a utilización que fan os particulares dos accesos a todo tipo de inmobles, cando sexa preciso cruzar beirarrúas e outros bens de dominio e uso público.*
- 2.- Constitúe reserva de estacionamento ou parada de vehículos neses espazos, cando supoña un uso que trae consigo unha especial restrición do uso que lles corresponde a todos os cidadáns.*

#### **Artigo 2.- Suxeición a licenza municipal**

*Os vaos para a entrada de automóviles en inmobles privados e as reservas de espazo nas vías públicas para o aparcamento, tendo en conta que constitúe un uso común especial dos bens de dominio público, e a teor do establecido no art. 77 do Regulamento de bens das entidades locais, requiren a previa obtención de licenza municipal.*

#### **Artigo 3.- Clases de vaos e reservas**

- 1.- Os vaos poden ser de carácter permanente ou temporal, limitados estes últimos ao horario normal de traballo ou a unha parte del, podendo ser tamén nocturnos.*

*A) Outorgarase licenza de **vao permanente** para acceso a inmobles durante as 24 horas do día, nos seguintes casos:*

- locais destinados a garaxes públicos con capacidade superior a dez prazas e a garaxes privados con capacidade para un mínimo de catro prazas.*
- fincas con vivendas unifamiliares.*
- edificios ou instalacións de equipamento comunitario, de carácter sanitario ou que presten servizos permanentes:
  - hospitais, ambulatorios, protección civil, etc.*
  - edificios destinados a organismos oficiais, cando a súa natureza o esixa.**
- aqueles outros supostos en que o informe dos servizos técnicos municipais sexa favorable, atendendo á actividade desenvolvida, ao emprazamento, á intensidade do tráfico e, en xeral, á utilidade pública da instalación.*

*B) Os **vaos de carácter temporal** poden ser laborais ou nocturnos.*

*Outorgarase licenza de **vao laboral** para acceso a inmobles dende as 8:00 ás 22:00 horas, todos os días laborables, nos seguintes casos:*

- locais nos que se desenvolven actividades comerciais ou industriais que leven consigo, necesariamente, a entrada e saída de vehículos, tales como talleres, almacéns de empresas, concesionarios de automóviles, e calquera outra actividade de características análogas.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- *aqueles outros supostos en que o informe dos servizos técnicos municipais sexa favorable, atendendo á actividade desenvolvida, ao emprazamento, á intensidade do tráfico e, en xeral, á utilidade pública da instalación.*

*O horario poderá ser ampliado ou modificado, atendendo ás circunstancias de cada actividade e logo da xustificación do interesado.*

*Outorgarase licenza de **vao nocturno** para acceso a inmobles dende as 22:00 horas ás 8:00 horas, todos os días da semana nos seguintes casos:*

- *locais destinados a garaxes públicos con capacidade para dez ou menos prazas e garaxes privados con capacidade para tres ou menos vehículos.*
- *locais destinados a garaxes, públicos ou privados, e fincas con vivendas unifamiliares nos casos en que así se solicite e contén con informe favorable dos servizos técnicos municipais que xustifique a súa necesidade.*

*Os locais ou instalacións para as que se solicite licenza de vao permanente, laboral ou nocturno, deberán reunir, á súa vez, os requisitos establecidos no art. 6 da presente ordenanza.*

*2.- As **reservas de espazo para estacionamento ou aparcamento** de vehículos poden ser de carácter permanente ou temporal.*

*A) Son reservas de carácter permanente:*

- *aquelas que determine o concello para o estacionamento de vehículos oficiais, e que irán situadas fronte ou próximas a edificios públicos, de equipamentos comunitarios, servizos, etc.*
- *aquelas que determine o concello para ser utilizadas, con carácter xeral, por persoas con permiso de estacionamento, e que irán situadas fronte ou próximas a edificios destinados a estacionamento, organismos oficiais, centros de saúde, edificios ou instalacións de equipamentos comunitarios, servizos, próximas aos accesos peonís dentro das zonas destinadas a aparcamento de vehículos lixeiros, iso de conformidade co establecido no artigo 27.2 a) da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e concordantes do Decreto 35/2000 polo que se aproba o regulamento, ou calquera outro lugar que así se determine.*
- *as que sexan concedidas de forma directa para o aparcamento do vehículo usado habitualmente por unha persoa con graves problemas de mobilidade, e que deberá situarse o máis preto posible do acceso ao domicilio do usuario, logo do informe dos servizos sociais municipais.*

*B) Son reservas de carácter temporal as que se outorguen para os fin seguintes:*

- *para persoas cunha mobilidade reducida, de conformidade co establecido na Lei 10/2014 e concordantes do Decreto 35/2000*
- *servizos de mudanzas*
- *vehículos de exposición*
- *elevación ou montaxe de estruturas varias*
- *descargas de combustibles*
- *carga e descarga de mercadorías*
- *outros usos extraordinarios*

*O concello reserva o dereito de fixar o horario de uso das reservas de carácter temporal, segundo considere oportuno.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*Nestes supostos de reservas de carácter temporal poderase esixir ao interesado que dispoña dunhas placas metálicas con apoios elásticos, ou sistema similar autorizado, que evite rúidos, debendo cubrir o tramo de beirarrúa afectado co fin de evitar danos nela.*

Artigo 4.- Prohibición de estacionamento

*O estacionamento de vehículos sobre o vao ou reserva de espazo está totalmente prohibido. Non obstante, tolerarase o estacionamento de vehículos fronte os vaos ou espazos reservados cando o condutor permaneza no vehículo, co fin de desprazalo no momento en que se precise a utilización do vao ou espazo reservado.*

**TÍTULO II: PROCEDIMENTO**

Artigo 5.- Solicitantes

*1.- Poderán solicitar e, no seu caso, ser titulares da licenza de vao ou paso de vehículos, os propietarios das fincas e quen ostente título suficiente de uso dos locais, establecementos ou instalacións aos que aquel dea acceso. Tamén poderán pedila os promotores de obras de construción ou rehabilitación dos citados inmobles.*

*2.- No caso de reserva de espazo para estacionamento ou aparcamento teñen preferencia os donos ou titulares dun dereito de uso dos inmobles que teñan a súa fachada dando ao espazo da vía pública que é obxecto de solicitude.*

Artigo 6.- Requisitos

*Para solicitar a correspondente licenza de vao ou reserva de espazo deberán cumprirse os seguintes requisitos:*

*1.- Establecementos comerciais ou industriais.*

*a) Acreditar que se está en posesión da licenza de apertura ou, no seu defecto, de licenza de obras e/ou de actividade segundo os casos.*

*b) Que a índole da actividade esixa necesariamente a entrada e saída de vehículos ou, no seu caso, a reserva de espazos para o seu estacionamento no espazo solicitado.*

*c) Dispoñer, no seu caso, de espazo suficiente para a carga e descarga de mercadorías.*

*d) Que os vehículos poidan entrar e saír marchando sempre de fronte.*

*Nos casos de establecementos nos que o vehículo sexa o obxecto principal da actividade, os requisitos de concesión de licenza serán os esixidos aos garaxes.*

*2. - Garaxes.*

*a) Acreditar que se está en posesión de licenza de apertura ou, no seu defecto, de licenza de obras e/ou de actividade segundo os casos.*

*b) Que o local, garaxe ou aparcamento, teña capacidade, no suposto de que sexan públicos, para máis de 10 prazas e nos garaxes privados para un mínimo de catro vehículos.*

*c) Que os vehículos poidan entrar e saír marchando sempre de fronte.*

*3. - Vivendas unifamiliares e locais con capacidade inferior a catro vehículos.*

*Esixirase o cumprimento do disposto na letra c) do apartado anterior.*

*4.- Excepcionalmente, o órgano competente para autorizar a licenza de paso poderá eximir do cumprimento do requisito establecido no punto d) do apartado 1, e punto c) dos apartados 2 e 3 deste artigo en supostos de edificios cunha estrutura que imposibilite a manobra de entrada e saída marchando de fronte. Para isto, o solicitante da licenza deberá, en primeiro termo, acreditar que a estrutura do inmovible imposibilita a execución da manobra aludida e, en segundo lugar, presentar informe emitido polos servizos técnicos municipais no que se*



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

*manifeste que a seguridade do tráfico na vía pública non se ve afectada polo acceso e saída de vehículos.*

*5.- Reserva de espazo para estacionamento do vehículo usado por persoas discapacitadas: A petición deberá concretarse ó solicitar a licenza municipal de reserva de espazo permanente e deberá situarse o máis preto posible do acceso ao domicilio do solicitante. Deberán cumprirse os seguintes requisitos:*

- a) que a persoa con discapacidade dispoña de tarxeta de estacionamento.*
- b) que estea inscrita no padrón municipal de habitantes.*
- c) que a vivenda na que habite non dispoña de garaxe para vehículos con acceso que cumpra a normativa sobre accesibilidade e supresión de barreiras ou que, dispoñendo do garaxe, non poida concederse vao permanente de conformidade co establecido na presente ordenanza. O vehículo a estacionar poderá ser de titularidade da persoa discapacitada ou dunha persoa que teña ao discapacitado ao seu cargo, xustificando, neste último caso, a necesidade de saír frecuentemente con el para tratamentos, actividades, etc.*

*Artigo 7.- Documentación*

*1.- A persoa interesada en obter a licenza municipal deberá solicitala por medio de escrito xunto co que se achegará:*

- a) Fotocopia da escritura de propiedade da finca ou local, ou título suficiente do seu uso (contrato de arrendamento, estatutos da comunidade de propietarios, escrituras de constitución da sociedade, etc.)*
- b) Documento no que conste a referencia catastral do inmovible e, no seu defecto, plano de emprazamento do edificio ou finca a unha escala 1:1000 que será facilitado polos servizos técnicos municipais.*
- c) Informe dos servizos técnicos municipais, no seu caso, de conformidade co establecido no art.6.4.*
- d) Á solicitude de reserva de espazo para persoas discapacitadas deberá achegarse:
  - informe dos servizos sociais municipais, respecto de que o solicitante padece graves problemas de mobilidade, e, no suposto de non ser titular do vehículo, necesidade de desprazamento frecuente das persoas con discapacidade.*
  - e) Nos supostos de reservas de espazo de carácter temporal achegarse:
    - a solicitude, que deberá presentarse nas oficinas municipais con 48 horas de antelación mínima.*
    - licenza de apertura ou licenza de obras e/ou licenza de actividade correspondente.*
    - plano de emprazamento para a reserva a escala 1:1000 que será facilitado polos servizos técnicos municipais.*
    - xustificación da súa necesidade.***
- f) En todos os casos, documento acreditativo de ter aboada a taxa vixente segundo a correspondente ordenanza fiscal, reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase.*
- g) En todos os casos, declaración de que o titular da solicitude está ao corrente do pago de taxas e impostos municipais, situación que, igualmente, se poderá comprobar de oficio.*

*2.- Se a solicitude non reunira os requisitos esixidos, requirirase ao solicitante para que, no prazo de 10 días, subsane a falta ou achegue os documentos preceptivos.*

*Artigo 8.- Tramitación*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- 1.- Os servizos técnicos municipais informarán sobre a solicitude, se cumpre cos requisitos esixidos en cada caso pola licenza de vao ou a reserva de estacionamento, no seu caso, formulando proposta respecto da concesión da licenza; nesta proposta deberán facer constar a súa modalidade, vixencia e cantas condicións resulte necesario precisar.
- 2.- A competencia para a resolución da solicitude correspóndelle ao alcalde ou concelleiro en quen delegue esta competencia; o seu outorgamento é discrecional.
- 3.- A licenza entenderase outorgada en precario, sen prexuízo do dereito de propiedade e de terceiro, podendo ser deixada sen efecto, en calquera momento, se houbese causa motivada.

Artigo 9.- Denegación

- 1.- O Concello poderá denegar a licenza solicitada cando o seu outorgamento sexa contrario á normativa urbanística ou á de tráfico, circulación e seguridade vial ou cando comporte prexuízos para os intereses lexítimos dos usuarios da vía pública ou para o interese xeral.
- 2.- Sen mingua do que dispón o apartado anterior, a reserva para o aparcamento de automóbiles na vía pública soamente se outorgará cando o interesado invoque un interese especial digno de protección.

**TÍTULO III: RÉXIME XURÍDICO**

Artigo 10.- Dereitos e deberes do titular da licenza municipal

- 1.- O titular da licenza municipal ten dereito a usar a reserva para a finalidade solicitada podendo requirir os servizos das autoridades competentes segundo o Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, se no acceso ou reserva de espazo existe algún impedimento ou vehículo sempre que iso ocorra no horario autorizado.
- 2.- O titular da licenza está obrigado a:
  - manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.
  - sinalizar o vao de acordo coas prescricións que se recollen na presente ordenanza.
  - comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados dende que se produza, calquera modificación das condicións e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.
  - satisfacer as taxas establecidas nas ordenanzas fiscais municipais.
  - efectuar no vao cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.
  - refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o período de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicite a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

Artigo 11.- Realización das obras

As obras de execución do vao deberán realizarse de acordo coas condicións que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e concordantes do Decreto 35/2000 polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento.

Artigo 12.- Sinalización da reserva

- 1.- O outorgamento da licenza de vao esixirá a instalación, no exterior do inmovible, da seguinte sinalización, que deberá ser asumida polo titular da licenza:
  - a) Vertical:



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*Instalada na porta, fachada ou construción de que se trate, consistirá nun disco de prohibición axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo concello logo do abono das taxas correspondentes. Neste sinal constará:*

- a denominación do vao: permanente, laboral ou nocturno. Nestes últimos casos deberá constar o horario.
- o número de licenza e o ano de outorgamento.
- os metros de reserva autorizada.

*b) Horizontal:*

*O titular da licenza deberá pintar o bordo da beirarrúa en cor amarela e unha liña en zigzag na calzada cunha anchura máxima de:*

- 3 metros para garaxes de vehículos que contén con ramplas sinxelas e para establecementos comerciais ou industriais sitos en zona residencial.
- 5 metros para establecementos comerciais e industriais en zona industrial.
- 6 metros para garaxes de vehículos dotadas de rampla dobre no seu acceso.
- 7 metros para establecementos comerciais ou industriais situados na zona industrial que utilicen no desenvolvemento da súa actividade vehículos de gran tamaño.

*Poderán ser autorizadas lonxitudes de vaos distintas das sinaladas cando se trate de accesos a centros oficiais ou dependencias das administracións públicas ou de entidades, institucións ou centros sanitarios e asistenciais, se concorresen razóns de interese xeral ou público, logo da solicitude dos organismos citados.*

*Non se permitirá, en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.*

*O titular da licenza deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vao, ata quedar a cota 0,00/0,05 metros sobre a rasante da calzada. Para a execución destas obras, así como, no seu caso, para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc.) de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.*

*O disco ou sinalización vertical non se lle entregará ao titular da licenza ata que non teña executada a sinalización horizontal, pintado, obras, etc., logo do informe favorable dos servizos técnicos municipais.*

*2.- As reservas de espazo de carácter temporal suporán a colocación, por persoal dos servizos municipais, do correspondente sinal ou placa indicadora.*

*3.- A reserva de espazo permanente para discapacitados a que se refire o artigo 3.2 a) da presente ordenanza levará consigo a seguinte sinalización:*

*a) Horizontal:*

*A reserva de aparcamento contará de forma xeral cunha anchura de 2,00 x 5,00 metros e deberá deixar un espazo libre lateral de 1,50 metros, polo que a dimensión total será de 3,50 x 5,00 metros para o aparcamento, cando sexa en batería, e de 2,20 x 5,00 metros cando sexa en liña. Se a praza se sitúa de xeito que sexa adxacente a un itinerario peonil, esta integrarase como parte do longo da praza. Para este efecto, os servizos municipais delimitarán por medio dunha liña perimetral de cor amarela a área de reserva asignada, pintando no centro da área o símbolo de discapacidade.*

*b) Vertical:*

*O sinal vertical de reserva de espazo colocarase cun poste na beirarrúa ou na fachada, fixando nela o símbolo de discapacitado, sendo obriga do usuario colocar unha placa auxiliar regulamentaria na que figurará a matrícula do seu vehículo.*



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

Artigo 13.- Vixencia da licenza municipal

- 1.- A licenza enténdese concedida ata o 31 de decembro do ano en que se outorgue, e a súa vixencia prorrógase tacitamente por anos naturais coa inclusión do interesado no censo anual correspondente.
- 2.- Non obstante, o concello poderá denegar expresamente a prórroga por razón de interese público. Neste caso deberalle notificar ao interesado o acordo de denegación da prórroga cun mes de antelación ao inicio do ano natural de que se trate.
- 3.- Se a licenza de reserva ten a súa orixe na realización de obras nun inmoble privado, a vixencia temporal dela cinguirase ao período de duración das citadas obras.

Artigo 14.- Suspensión da vixencia da licenza

- 1.- O concello poderá suspender a vixencia da licenza por razóns de interese xeral derivadas de necesidades do tráfico ou da realización de obras ou servizos públicos.
- 2.- A suspensión durará o tempo imprescindible para satisfacer os intereses xerais que a motivaron e non dará lugar a indemnización.

Artigo 15.- Revogación da licenza municipal

- 1.- O concello poderá revogar a licenza municipal nos seguintes casos:
  - a) Cando o vao ou a reserva sexa utilizada para unha finalidade diferente da que motivou o seu outorgamento.
  - b) Cando a persoa interesada non aboase a taxa anual correspondente.
  - c) Cando a licenza careza da sinalización adecuada.
  - d) Cando se incumpran as obrigas impostas ao titular da licenza, horarios, obras a executar, etc.
  - e) Cando o beneficiario incumprise o deber de conservación e uso do espazo reservado e a súa sinalización tanto horizontal como vertical.
  - f) Por causas sobrevidas, debidamente motivadas, relativas ao tráfico ou circunstancias da vía pública.
  - g) Por cesamento de uso ou da actividade da empresa ou ter desaparecido calquera das causas ou circunstancias que deron lugar ao seu outorgamento.
- 2.- O acordo de revogación require que se lle dea audiencia previa á persoa interesada por un prazo de dez días para que poida alegar o que xulgue oportuno na defensa dos seus intereses.

Artigo 16.- Caducidade

- 1.- Darán lugar á caducidade da licenza o cambio do seu titular e o da actividade para a que foi concedida esta. Nestes supostos, o solicitante da nova licenza poderá subrogarse nos dereitos do titular anterior, debendo adecuar, se fora necesario, o vao ao modelo vixente.
- 2.- Así mesmo, o vencemento da licenza producirase por expiración, no seu caso, do período de tempo para o que fora outorgada.

Artigo 17.- Restitución do bordo e a beirarrúa

Nos supostos de renuncia, caducidade ou revogación da licenza, o interesado deberá retirar a sinalización, tanto horizontal como vertical, con entrega do disco ao concello, e levar a cabo a supresión, á súa costa, do vao, coa restitución da beirarrúa e o bordo ao seu estado anterior. En caso de desobediencia, a administración municipal executará subsidiariamente á súa costa, nos termos previstos no artigo 98 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

#### **TÍTULO IV: RÉXIME SANCIONADOR**

##### **Artigo 18.- Inspección**

*Os labores de inspección relativos ao cumprimento desta ordenanza serán desempeñados polos servizos técnicos municipais, que deberán informar ao alcalde ou órgano en que este delegue das infraccións que se observen.*

##### **Artigo 19.- Concepto de infracción**

*Constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións que comporten un incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos establecidos nesta ordenanza.*

##### **Artigo 20.- Responsabilidade**

*Son responsables das infraccións administrativas as persoas físicas que as cometan como autores ou coautores.*

##### **Artigo 21.- Infraccións: clasificación**

*Constitúe infracción da presente ordenanza toda vulneración das obrigas e prescricións contidas nela e, en particular, das relativas ao correcto uso da licenza e a conservación do vao e a súa sinalización.*

*Sen prexuízo das infraccións que poidan estar contempladas na lexislación correspondente en materia urbanística ou de tráfico e seguridade vial, considéranse as seguintes:*

*1.- Infraccións leves. Constitúen infraccións leves:*

- a) A entrada ou saída de vehículos a través da beirarrúa sen contar coa licenza correspondente.*
- b) O transcurso do prazo de tres meses dende que se efectúe o requirimento para que se elimine o vao sen que o titular da licenza efectuase as obras necesarias para a reposición da beirarrúa e o bordo ao seu estado anterior.*
- c) Calquera outra acción ou omisión que infrinja as disposicións contidas nesta ordenanza e non estea tipificada como grave ou moi grave.*

*2.- Infraccións graves. Constitúen infraccións graves:*

- a) A sinalización dunha licenza de vao sen ter obtido a correspondente autorización.*
- b) A colocación de sinais distintos aos autorizados polo concello.*
- c) A realización de ramplas non autorizadas.*
- d) O pintado do bordo ou da rúa sen autorización municipal.*
- e) O transcurso do prazo de seis meses dende que se efectúe o requirimento para que se elimine o vao sen que o titular da licenza efectuase as obras necesarias para a reposición da beirarrúa e o bordo ao seu estado anterior.*
- f) A retirada ou deterioramento dos sinais, así como non reparar os desperfectos ocasionados nas beirarrúas con motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos, tras ser requirido para iso nos prazos establecidos.*

*3.- Infraccións moi graves. Constitúen infraccións moi graves:*

- a) A construción de vaos sen ter obtido a correspondente autorización municipal.*
- b) A colocación dunha placa de licenza nun lugar diferente para o que foi concedida.*

##### **Artigo 22.- Sancións: clasificación**

*As infraccións a que se refire o artigo anterior poderán dar lugar á imposición das seguintes sancións:*

- a) En caso das infraccións leves: multa de 30 a 90 euros.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

b) En caso das infraccións graves: multa de 91 a 300 euros.

c) En caso das infraccións moi graves: multa de 301 a 600 euros.

Para a determinación da contía da sancións teranse en conta as seguintes circunstancias:

a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.

b) A natureza dos prexuízos causados.

c) A reincidencia, derivada da comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza.

Artigo 23.- Competencia

A competencia para a iniciación e resolución dos expedientes sancionadores correspóndelle á Alcaldía, agás que a delegue noutro órgano.

Artigo 24.- Procedemento

O procedemento sancionador rexerese polo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 25.- Reposición da situación alterada

A imposición de sancións non eximirá ao infractor da obriga de repoñer os bens afectados ao seu estado orixinario, así como da eventual indemnización polos danos causados.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

As licenzas de vao autorizadas con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza rexeranse de acordo coas condicións con que foron outorgadas, debendo no prazo máximo de seis meses atender ao cumprimento do disposto nela respecto das obras a realizar para cumprir co establecido no artigo 12.

Así mesmo, no prazo máximo de doce meses dende a entrada en vigor desta ordenanza esixirase aos titulares das licenzas autorizadas con anterioridade á súa entrada en vigor o cumprimento da totalidade do seu articulado.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, cando, atendidas as circunstancias concorrentes, non sexa posible a adaptación total ás determinacións da ordenanza poderá autorizarse a prórroga da licenza de vao condicionada ao cumprimento das medidas correctoras que se estimen necesarias.

Non será de aplicación o disposto nesta disposición, respecto dos prazos habilitados nos parágrafos anteriores, no suposto de que este concello execute obras de renovación integral ou parcial do pavimento dunha rúa de xeito que, cando concorra esta circunstancia, os titulares de licenzas de vaos sitios nesa rúa quedan obrigados ao cumprimento do articulado da ordenanza no momento en que se leve a cabo a execución da citada obra.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no boletín oficial da provincia.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE**

**Artigo 1º. - Fundamento e natureza.**



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

Ó abeiro do previsto nos artigos 57 e 20.3.h) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 do citado texto legal, este concello establece a "taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

**Artigo 2º. - Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa o aproveitamento especial que ten lugar pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e a reserva de vía pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, especificado nas tarifas contidas no artigo 6º desta ordenanza.

**Artigo 3º. - Suxeito pasivo.**

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, a favor das cales se outorguen as licenzas para beneficiarse do aproveitamento especial, ou os que se beneficien do aproveitamento se se procedeu ó seu uso sen a oportuna autorización.

2. Nas taxas establecidas por entradas de vehículos a través das beirarrúas terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais a que den acceso esas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

**Artigo 4º. - Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias das devanditas entidades.

3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizasen os actos que lle son propios para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

a) Cando se cometese unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.

b) Cando se cometese unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.

c) Nos casos de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data dese cesamento

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e consonte ó procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

**Artigo 5º. - Beneficios fiscais.**

1. O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais non estarán obrigadas ó pagamento da taxa cando solicitaren licenza para disfrutar dos aproveitamentos especiais referidos no artigo 1º desta ordenanza, sempre que sexan necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

2. Tamén estarán exentos as entidades e/ou organismos dependentes ou non dos anteriores que presten servizos directa ou indirectamente á cidadanía de forma altruísta.

3. Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda.

**Artigo 6º. - Cota tributaria.**

1. A contía da taxa determinarase consonte ás tarifas contidas no apartado seguinte.

**2. Tarifas:**

**2.1 Tarifa primeira:** será de aplicación ós VAOS PERMANENTES definidos na ordenanza reguladora dos mesmos:

2.1.1 Para vivendas unifamiliares

25€

2.1.2 Para resto de vivendas e edificacións con menos de 10 prazas de aparcamento

50€



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- 2.1.3 Para resto de vivendas e edificacións con máis de 10 prazas de aparcamento 90€  
2.1.4 En zona non urbana, aplicarase unha redución do 40% sobre as tarifas anteriores

**2.2 Tarifa segunda:** será de aplicación ós VAOS LABORAIS definidos na ordenanza reguladora.

- 2.2.1 Para locais comerciais e industriais con menos de 10 prazas de aparcamento 50€  
2.3.3 Para locais comerciais e industriais con máis de 10 prazas de aparcamento 90€  
2.1.4 En zona non urbana, aplicarase unha redución do 40% sobre as tarifas anteriores

**2.3 Tarifa terceira:** será de aplicación ós VAOS NOCTURNOS definidos na ordenanza reguladora.

- 2.1.1 Para vivendas unifamiliares 15€  
2.1.2 Para resto de vivendas e edificios con ata 3 prazas de aparcamento 25€  
2.1.3 Para resto de vivendas e edificios con entre 3 e 10 prazas de aparcamento 40€  
2.1.4 En zona non urbana, aplicarase unha redución do 40% sobre as tarifas anteriores

**2.4 Tarifa cuarta:** será de aplicación ás RESERVAS DE ESPACIO DE CARÁCTER TEMPORAL para diversas actividades de construción, comercio, servizos e subministración:

- 2.4.1 Cota diaria por m<sup>2</sup> ou fracción para vehículos de formigón, bombeo, quindastres, expositores, contedores e similares: 0,50€/m<sup>2</sup>, cun mínimo de 10€/día.

- 2.4.2 Cota diaria por m<sup>2</sup> ou fracción para mudanzas, descargas de combustible para empresas distribuidoras e outros usos extraordinarios: 0,25€/m<sup>2</sup>, cun mínimo de 6€/día.

- 2.4.3 En caso de que sexa necesario o corte do tráfico (independentemente da causa), a cota será de 30€ por cada hora ou fracción, sendo por conta do solicitante a sinalización necesaria que determinen os servizos técnicos municipais.

- 2.4.4 Reservas de espazo para vehículos na vía pública, de 8:00 a 21:00 horas, necesariamente colindante a establecementos industriais ou comerciais, previa xustificación da necesidade e autorización municipal: 20€/ano por cada 4 metros lineais ou fracción

Quedan exentas as demais reservas de espazo para estacionamento ou aparcamento de vehículos expresamente definidas na ordenanza reguladora e non recollidas no apartado 2.4.

**2.5 Tarifa quinta:**

- Placas de sinalización, por unidade 30 euros.

**Artigo 7º. - Devengo.**

1. A taxa regulada nesta ordenanza devengarase:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento do outorgamento da concesión.  
b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizadas e prorrogadas, o día primeiro de cada ano natural.

**Artigo 8º. - Período impositivo.**

1. Cando o aproveitamento especial deba durar menos dun ano, o período impositivo coincidirá con aquel determinado na licenza municipal.  
2. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial se estenda a varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, en que se aplicará o previsto nos apartados seguintes:*

- a) *Cando se inicie a ocupación no primeiro semestre, aboarse en concepto de taxa correspondente a ese exercicio a cota íntegra. Se o inicio da ocupación ten lugar no segundo semestre do exercicio liquidarase a metade da cota anual.*
- b) *Se se cesa na ocupación durante o primeiro semestre do exercicio procederá a devolución parcial da cota (a metade). Se o cese ten lugar no segundo semestre, non procederá devolver ningunha cantidade.*

**Artigo 9º. - Réxime de declaración e ingreso.**

*1. As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento autorizado ou realizado.*

*2. O ingreso da taxa realizarase:*

- a) *Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, o solicitante presentará a declaración-liquidación da taxa e xustificante de ter ingresado a cota tributaria ó mesmo tempo que efectúe a correspondente solicitude.*
- b) *Tratándose de concesións de aproveitamento xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns e matrículas desta taxa, por anos naturais no lugar e forma que estableza o servizo de recadación que corresponda.*

**Artigo 10º. - Notificacións das taxas.**

1. *En supostos de aproveitamentos especiais continuados, a taxa que ten carácter periódico notificarase persoalmente ó solicitante coa alta no rexistro de contribuíntes.*
2. *A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do concello, polo período que se publicará no boletín oficial da provincia.*

**DISPOSICIÓN DERROGACIÓN**

*Esta norma deroga as taxa anterior, aprobada nesta materia, pasando automaticamente todas as licencias concedidas con anterioridade pasarán automaticamente a rexirse pola Ordenanza Municipal de vaos para a entrada e saída de automóbiles e reservas de estacionamento, e pola súa correspondente ordeanza fiscal .*

**DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.*

**5º.- ORDENANZA REGULADORA DE SERVICIOS DE EMERXENCIAS.-**

A Sra. Martínez Troncoso da conta da redacción da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios, protección civil, salvamento e outros.-

Explica que esta ordenanza xustifícase en que hai unha agrupación de voluntarios e están a facer unha labor encomiable e están a tirar dos seus recursos propios e dos dos veciños (a través das axudas que lle concede o Concello) sen recibir nada a cambio.- Que a finalidade é para reverter o recadado na agrupación ou asociación que preste o servizo dos que se indican na ordenanza (servizos de emerxencia), xa que estas asociacións veñen prestando (ademáis dos seus propiso)



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

servizos doutro tipo e tamén o fan noutros concellos (como cortes de tráfico para carreiras, funerais, ou outros).- Que nesta ordenanza se exime do pago ós veciños e inmobles de Ribadumia.-

A Sra. Moimenta Otero dí que, por exemplo, este ano tiveron que retirar moitos niños de avespas e máis da metade foron en outros Concellos; que os de protección civil de Cambados cobraban 50 € por retiralos e os de aquí non cobraban por iso os avisaban a eles, e resulta que cada bote para a retirada custa 15 euros mais IVE, ó que hai que engadir gastos de gasolina, etc.- Que foron os membros de protección civil os que pasaron os datos doutras ordenanzas (Cambados, Mos, Lobios.); que prestan un servizo moi importante incluso noutros concellos: en Meaño dixeron que non podían facer a cabalgata se non axudaban a prestar o servizo protección civil, e non é lóxico que Ribadumia lle preste axuda e fagan outros servizos noutros concellos sen contraprestación algunha.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para agradecer e resaltar a labor de Protección Civil ó longo de todos estes anos; que todo o que sexa para mellorar o servizo van a estar a favor; tiñan dúbidas se se pode cobrar esta taxa se quen presta o servizo é protección civil e se xuridicamente non hai problema van a votar a favor.

A Sra. Martínez Trancos dí que o Sr. Serantes na Comisión Informativa plantexou a dúbida se despois se podería considerar que os membros da Agrupación de Protección Civil terían algunha relación laboral co Concello e que xa lle dixo que non, e o verificou e que a lei de emerxencias de Galicia así o establece, así como a posibilidade de implantación de taxas polo servizo.

O Sr. Alcalde indica que o contido está consensuado coa Agrupación de Protección Civil e que están a facer un traballo encomiable e que as aseguradoras e outras entidades estaban a ter un servizo sen nada a cambio; que polo goberno anterior rebaixouse a transferencia que se lle daba a Protección Civil e agora se lles incrementou de novo.

Rematadas as intervencións o Pleno, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Prestar aprobación á "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do Servizo de extinción de incendios, protección civil, salvamento e outros".

2º.- Que se expoñan ó público a Ordenanza aprobada, polo prazo dun mes ós efectos de presentación de reclamacións; e

3º.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra a mesma considerárase definitivamente aprobada, debendo procederse á publicación íntegra do seu contido no B.O.P.



**ILMO. CONCELLO**  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PROTECCIÓN CIVIL, SALVAMENTO E OUTROS**

**Artigo 1º. Fundamento e natureza**

No uso das facultades outorgadas polo artigo 57 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o Concello de Ribadumia establece a taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios, protección civil, salvamento e outros, á que se refire o artigo 20.4 k) do referido real decreto legislativo e que se regulará por esta ordenanza fiscal.

**Artigo 2º. Feito imponible e obriga de contibuír**

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos seguintes, que son de recepción obrigatoria:
  - a. A asistencia prestada polo Concello ou entidades colaboradoras en caso de incendios e alarma destes, rescate, salvamento, accidentes, prevención de ruínas, afundimentos, derrubas, inundacións e outros sinistros análogos, ben sexa por solicitude de particulares interesados ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade sempre que a prestación do dito servizo redunde no beneficio do suxeito pasivo.
  - b. A presenza do persoal e materiais do Concello ou entidades colaboradoras en concentracións, espectáculos e outros, con fins preventivos.
  - c. Calquera outro servizo de recepción obrigatoria que fora prestado polo Concello ou entidades colaboradoras nestas materias.
  - d. A realización de actuacións propias e exclusivas do servizo que, aínda non sendo de recepción obrigatoria, fosen requiridas polos interesados.
2. Non están suxeitos a esta taxa os seguintes servizos:
  - a. Os realizados no termo municipal de Ribadumia por instancia de xuíces, forzas de seguridade e outras autoridades, no exercicio dos seus cargos respectivos e por razóns que atendan á orde ou á seguridade xeral.
  - b. Os prestados na prevención xeral de incendios, os servizos de prevención xeral realizados por instancia do propio concello, nin os servizos que se presten en beneficio xeral da veciñanza ou dunha parte considerable dela, tales como os prestados en casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarada.
  - c. Os prestados en eventos que o goberno local considere de interés municipal.
  - d. Servizos de apoio os Servizos de Protección Civil de outros concellos no caso de eventos deportivos ,culturais, etc, sempre e cando haxa un convenio de colaboración asinado ou o compromiso de reciprocidade entre concellos e/ou entidades colaboradoras.
  - e. c. As saídas dos medios sempre que non cheguen a empregarse, sempre e cando non fosen requiridos polo suxeito pasivo.

A obriga de contribuír nacerá e producirase a devindicación da taxa no momento en que saia da base de operacións a dotación correspondente para levar a cabo o seu cometido.

**Artigo 3º. Obrigados tributario**

Quedarán obrigados ó pagamento de maneira solidaria os beneficiarios do servizo entendéndose como tales as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que fai referencia o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan usuarios dos bens sinistrados obxecto de prestación do servizo. Enténdese por tales, segundo os casos, os propietarios, arrendatarios, usufrutuarios e posuídores, por calquera título, dos bens obxecto da actuación. Nos servizos de salvamento, quen o solicitase ou en quen redunde o interese da prestación realizada.



ILMO. CONCELLO  
de  
RIBADUMIA  
(Pontevedra)

*Terán a consideración de substituto do obrigado tributario, no caso de prestación do servizo de prevención ou intervención en xeral da protección das persoas e bens, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.*

*Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.*

*Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, liquidadores e interventores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.*

*Artigo 4º. Beneficios fiscais*

- 1. Estarán exentos os contribuíntes beneficiarios da RISGA e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ó mencionado, así como os que xustifiquen que os ingresos anuais globais da unidade familiar á que pertencen é inferior a dúas veces ó indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).*
- 2. Está exenta a asistencia prestada, nos casos previstos nesta ordenanza, ós veciños censados en Ribadumia e ós inmobles do termo municipal de Ribadumia, sempre que o contribuínte resulte obrigado ó pagamento e acredite que o ben sinistrado se atopa ó corrente das súas obrigas fiscais co concello na data do sinistro. A concesión da exención deberá ser solicitada polo interesado, que acompañará a esta o último recibo do imposto sobre bens inmobles e, de tratarse de establecemento mercantil, industrial ou profesional, será presentada ademais a licenza municipal de apertura ou, de ser o caso, a comunicación previa a declaración responsable de inicio da actividade e o último recibo sobre o imposto de actividades económicas e conceptos incluídos no padrón municipal de actividades (lixo, industriais, vaos e outros).*
- 3. Os de colaboración por acordos en virtude de convenios con todos os corpos, órganos e entes de todas as administracións públicas ou entidades privadas, sempre que sexan debidos á falta de medios adecuados para a prestación destes.*
- 4. Non procederá, en ningún caso, a exención cando o suxeito pasivo estivese amparado por un seguro que cubra os gastos derivados da intervención.*

*Artigo 5º. Base de gravame*

*A base do gravame estará constituída polo persoal que preste o servizo, calculándose o tempo invertido na súa realización, así como polo material empregado. Non se computarán ó efectuar a liquidación os vehículos que, aínda asistindo ó servizo, non fosen posteriormente empregados, agás vehículos en servizos preventivos.*

*O tempo do servizo computarase para efectos de liquidación desde a saída da base de operacións ata a finalización do servizo.*

*Artigo 6º. Cota tributaria*

*1. Para as actuacións que se leven a cabo dentro do termo municipal do Concello de Ribadumia aplicarase o seguinte cadro de tarifas:*

CONCEPTO	IMPORTE
Saída, tarifa fixa	50,00€
Persoal de intervención (por voluntario mobilizado)	20,00€/hora ou fracción
Vehículos con equipamento (por unidade que se mobilice)	50,00€/hora ou fracción
Vehículos básicos ou de apoio (por unidade que se mobilice)	30,00€/hora ou fracción





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

<i>Quilometraxe (contabilízase ida e volta)</i>	<i>1,00€/km</i>
<i>Equipacións e/ou vestimenta especial</i>	<i>40,00€/hora ou fracción</i>
<i>Material básico de intervención (mangueiras, escaleiras, radiais, trades, motoserras, ...)</i>	<i>30,00€/hora ou fracción</i>
<i>Material especializado de intervención (xerador eléctrico, bomba achique, coxíns pneumáticos, extintores, ...)</i>	<i>50,00€/hora ou fracción</i>
<i>Espumas, absorventes, dispersantes e similares</i>	<i>12,00€/litro ou quilo</i>

2. Para as actuacións que se realicen FÓRA DO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADUMIA os prezos do cadro de tarifas anterior veranse incrementados nun 25%, excepto se as actuacións afectan de forma directa a veciñ@s [censad@s](mailto:censad@s) en Ribadumia; neste caso, veranse incrementadas nun 10%.

3. Casos especiais de tarificación:

3.1. Os servizos preventivos solicitados sen que sexa necesaria a presenza do servizo sufrirán unha recarga do 25% sobre a tarifa resultante.

3.2. Naqueles incidentes nos que haxa presenza de substancias tóxicas, inflamables, explosivas, etc. en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións legais aplicables recargarase a tarifa resultante nun 100%.

Artigo 7º. Liquidación e ingreso

De conformidade cos datos que achegue o responsable da intervención, os servizos tributarios practicarán a liquidación que corresponda, que será notificada para o seu ingreso directo na forma e prazos sinalados no regulamento xeral de recadación.

Ó final de cada ano natural, os servizos tributarios municipais emitirán un informe no que se recollan os ingresos obtidos a través desta taxa e os gastos que se producen con cargo á partida orzamentaria correspondente ós servizos obxecto desta ordenanza. A Xunta de Goberno ou órgano municipal correspondente, unha vez recibido o citado informe, aprobará transferir a cantidade resultante á agrupación correspondente, dando conta ó Pleno municipal.

Artigo 8º. Infraccións e sancións tributarias

No referente á cualificación das infraccións tributarias, así como ás sancións que correspondan en cada caso, rexerá o disposto no artigo 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

## **6º.- ORDENANZA REGULADORA PARA A CONSTRUCCIÓN DE EDIFICACIÓNS AUXILIARES.-**

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago para dar conta da proposta de Ordenanza Municipal para regular a construción de edificacións auxiliares.-

Explica que dende a aprobación do PXOM a concesión de licencias para a construción de edificacións auxiliares é obxecto de distintas interpretacións, xa que hai aspectos que non foron recollidos de maneira concreta en cada unha das ordenanzas urbanísticas, por eso considérase conveniente aprobar a ordenanza reguladora deste tipo de construcións.

Dí que ata de agora as ordenanzas non son moi específicas e se alguen quere facer un galpón quedaría a criterio das distintas interpretacións dos técnicos.- Que é preciso concretar as normas.-

Engade que coa entrada en vigor da nova lei do solo se establece novas limitacións e condiciona a que a edificación esté adscrita a unha explotación gandeira



**ILMO. CONCELLO**  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

ou agrícola.- Pero non concreta as especificacións destas edificacións.- Que a norma que se somete ó Pleno establece os parámetros, alturas, parcela mínima, superficie máxima, etc.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para preguntar se se consultou a Urbanismoa se podía aprobarse esta ordenanza porque ela fixo a consulta e se lle indicou que este procedemento non sería o correcto regular esta materia mediante unha ordenanza e que incumpliría a nova lei do solo.

O Sr. Alcalde di que o Concello tamén fixo proposta contra os invernadoiros e esta norma se fae porque Ribadumia ten unhas características agrícolas especiais, e que o que se pretende é facilitar ós veciños que podan facer este tipo de instalacións sen ter que estar inscritos no REAGA.

A Sra. Peña Muñiz di que o PXOM hai aclaracións respecto a este tipo de instalacións; que ata de agora se pedía a todos igual: 3 metros a lindeiros, que non aparecía o número de metros cadrados e que están de acordo en que se regule para utilizar os mesmos criterios; pero a ela lle indican que estas aclaracións non se pode regular mediante unha ordenanza; e que respecto ó retranqueo se debería cumprir os da nova lei.

Pide que quede sobre a mesa a ver se pode aprobarse mediante ordenanza ou outro tipo de documento urbanístico; que está de acordo con que se fagan as aclaracións, pero que entende que ten que ser mediante outro tipo de documento, e que hai un erro nos retranqueos: que a lei di a 4 metros e a ordenanza establece a 5 metros.-

O Sr. Alcalde aclara que se fixo consulta á Secretaría Xeral de Urbanismo e que dixeron que se podía aprobar unha ordenanza reguladora deste tipo de construcións.

A Sra. Martínez Troncoso dí que lle parece extraño que ó Concello lle informaran nun sentido e a Sra. Peña noutro.

A Sra. Peña insiste en que ela pasou o texto da ordenanza a Urbanismo e lle indicaron que mediante ordenanza non é o trámite adecuado e que incumpe a lei do solo respecto a retranqueos, polo que pide quede sobre a mesa.- Que os retranqueos en solo rústico non é aplicable o PXOM senon a nova lei do solo.

O Sr. Alcalde dí que se mantén a proposta de acordo e se a Consellería non a respalda se rectificaría; que é un beneficio para os veciños; que a Lei do Solo non está pensada para aplicar en concellos como Ribadumia; que non é lóxico que non se permita facer galpóns e que o ten que regular é o Concello.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e cinco abstencións (P.P) acorda:

1º.- Prestar aprobación á Ordenanza Municipal para regular a construción de edificacións auxiliares.-

2º.- - Que se expoña ó público a Ordenanza aprobada, polo prazo dun mes ós efectos de presentación de reclamacións; e

3º.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra a mesma considerárase definitivamente aprobada, debendo procederse á publicación íntegra do seu contido no B.O.P.

### **7º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS 1/2016.-**

Dase conta do expediente que se ven tramitando para adoptar acordo de modificación de créditos incluídos no Presuposto de 2016, con cargo ó Remanente de Tesourería dispoñible, por terse producido gastos que non se poden aplazar.

As partidas que se pretenden incrementar son as relativas á subsanación e mellora de distintos servizos e realizar reparacións e outras melloras nos colexios e escola infantil, en parques infantís, en instalacións deportivas e por necesidades do servizo é preciso a adaptación e equipamento do local destinado a departamento de servizos sociais, así como para adquisición de maquinaria, entre outros.

A Sra. Peña Muñiz dí que se trae o expediente de modificación de créditos e iso ven a darlle a razón ó Partido Popular cando dixo que certas partidas eran insuficientes cando se aprobou o presuposto (como a de instalacións deportivas, de colexios e de parques, por exemplo) e se se tivera en conta as súas observacións no momento da aprobación do mesmo, agora non sería necesario este expediente.

Engade que nas actas de plenos anteriores se criticou a contratación do asesor e o Alcalde lle contestou que gracias a iso se ía a aforrar e agora se inclúe partida para a redacción de proxectos.- Polo que respecta ó incremento do Plan de emprego dí que xa se tiña que ter previsto os importes definitivos na aprobación do presuposto.-

A Sra. Martínez Troncoso dí que cando se acometeron as obras nas instalacións náuticas se acometeron as obras necesarias porque había danos cos que non se contaban e o mesmo pasou coas obras dos colexios e iso, en parte se debe a un mal mantemento anterior das instalacións.-



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Dí que o P.P. en xullo de 2015 estiveron a favor de incrementar partidas e sempre dixeron que era normal que se modifique o presuposto ó longo do ano, segundo van xurdindo necesidades e agora non están de acordo; que dixeron que ían a estar a favor de incrementar as partidas cando era para obras que foran necesarias.-

Indica que para parques só se incluír 1.000 euros en presuposto porque o ano anterior se tiña investido 30.000.- Dí que no Plan de emprego da Deputación se contratou oficiais e o Concello abonou a diferenza respecto da subvención concedida e o presuposto elaborouse antes da aprobación do Plan.- Dí que se amplía porque os técnicos indican que as partidas están con insuficiencia de créditos e non pasa nada se hai que incrementalas.

O Sr. Alcalde dí que este equipo escoita todas as propostas (dos veciños, da oposición, etc).- Dí que o grupo do P.P. fixo propostas no Pleno, pero non as fixo antes e foi en plan destrutivo e non como oposición construtiva.

Que se quere falar de asesores habería que falar do asesor da deputación, que se foi a persoa que asesorou no proxecto do campo de fútbol que non había un proxecto que fose válido e iso sí que é incompetencia; que co asesor urbanístico se aforrou diñeiro e iso se pode demostrar; que había que controlar as obras (non como as anteriores do campo de fútbol que non cumpren co proxecto) ou as do tanatorio que estaban sen axustarse ó proxecto e sen legalizar; que case toda a documentación dos proxectos anteriores estaba mal ou incompleta e que non se pode defender esa xestión de licitar a obra sen proxecto; que os proxectos se teñen que informar e dirixir a obra; que ela non quería técnicos e tomaba decisión directamente.- Que o expediente da Pousada ten moitos problemas ós que habería que dar solución.-

Que tiña que ter feito as propostas antes e non no pleno; que eso era solo para non aproba lo orzamento, por iso non apoia o que acaba de decir a Sra. Peña.

A Sra. Peña dí que estase e contradicir constantemente; que no punto anterior dixo que a obra do campo de fútbol non tiña proxecto e agora di que incumplía; que existía proxecto con deficiencias e ó Concello non lle costou nada, pero as facturas que pasa o asesor urbanístico ascenden a 3.025 euros ó mes; respecto ó tanatorio dí que había un proxecto e so faltaba un trámite para legalizalo de pasar por Xunta de Goberno.-

Que cando se lles deu o documento do presuposto xa dixeron que era insuficiente porque eran conscientes do que necesitaba o colexio; fixeron constar que era insuficiente e dunha maneira construtiva.- Que dan a súa opinión e todo o que propoñen é construtivo e o equipo de goberno pode admitila ou non.

Que consideraban insuficiente a partida de parques e a de instalacións deportivas.- Que este expediente se podía ter evitado si se houberan tido en conta as súas consideracións.- Engade que non chamaron á oposición para facer os presupostos e antes se consesuaban os presupostos (e eles presumen de ser transparentes)



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Respecto ó plan de emprego cando se aprobou o presuposto xa se contaba coa categoría que se ía contratar, aínda que se foran contratando pouco a pouco.-

O Sr. Alcalde lembra que o anterior equipo de goberno no ano 2015 deixaron 6.000 euros para parques e este equipo de goberno invistió 30.000 euros o exercicio anterior.- Que o Concello tivo que pagar uin proxecto que costou 1.200 euros para a regularización do cemiterio de Leiro, cando ela estaba transmitindo ós veciños que estaba todo solucionado.

A Sra. Martínez Troncoso di que enténdese como oposición destrutiva cando se está pensando só en como zancadillear e como entorpecer para que teñan unha mala imaxe ante os veciños; respecto ó custo de que os proxecto saíran gratis dí que ó mellor é que ela antes non os pagaba; que o proxecto de regularización do Tanatorio costou 3.000 euros para a súa legalización; e os outros os facían a Deputación (ou a empresa adjudicataria) e o diñeiro saía dos impostos dos veciños.

A Sra. Peña di que ela non daba licencias; que as informaba un técnico e están dicindo barbaridades, xa que as daba a Xunta de Goberno co informe técnico.- Que o Sr. Alcalde sexa coherente; que o alcalde ten que ser elegante e deixa moito que desexar a este respecto.

Rematadas as intervencións e visto que emitíronse informes de Secretaría-Intervención establecidos e que informouse pola Comisión Informativa de Contas e Facenda, o Pleno Municipal por maioría de sete votos a favor e cinco abstencións (P.P.), acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 1/2016, de suplemento de créditos e créditos extraordinarios financiado con cargo ó Remanente de Tesourería, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

### Presupuesto de Gastos

Capítulo	Descripción	Consignación antes do expte. 1/2016	Incremento	Consignación definitiva
1	Gastos de persoal	1.080.491,14	41.770,00	1.122.261,14
2	Compra de bens correntes e de servizos	1.584.398,92	42.000,00	1.626.398,92
6	Investimentos reais	513.361,66	84.618,00	597.979,66

SEGUNDO. Expoñer este expediente ó público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por espacio de quince días, durante os cales os interesado



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; no caso contrario o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

### **8º.- INICIO DE EXPEDIENTE PARA TRAMITACIÓN DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM.-**

Polo Sr. Oubiña Lago dase conta de que tense detectado que hai problemas á hora de fixar o retranqueo, sobre todo nos núcleos rurais consolidados e considérase necesario a aprobación dunha modificación puntual para fixar criterios, e sométese á consideración do pleno ós efectos de solicitar o informe de impacto ambiental.

Dase conta do informe do redactor da modificación que indica que é preciso dar unha adecuada resposta á demanda e numerosas consultas realizadas polos propietarios de parcelas neste tipo de solo ás condicións da nova lei 2/2016 e co obxectivo de resolver os inconcéntricos e resultados da aplicación das súas ordenanzas, respecto dos retranqueos no trazado do viario, dada a indefinición da planimetría, considerouse necesario a redacción dunha modificación puntual que afecta exclusivamente á ordenanza e ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A Sra. Peña Muñiz manifesta que este trámite é o inicio do expediente e que xa manifestaron na Comisión Informativa que entenden que non é necesario en tódolos núcleos rurais; que o equipo de goberno anterior sempre adoptou medidas para crear calles seguras e accesibles; que considera que pode haber casos puntuais, por consolidación de núcleos, pero que non é necesario aplicar a modificación para tódolos núcleos (como por exemplo o núcleo de Mamuela que puido ser un caso puntual)

Que entende que se debe estudar con maior profundidade e non xeneralizar a medida que se propón; que hai que ter en conta que se leva 15 anos con 5 metros de retranqueo e agora se volve ás corredeiras.- Que membros do actual equipo de goberno decían que as rúas quedaban estreitas cando se fixo a concentración parcelaria e agora se pretende reducir o retranqueo.

Que hai que estudar cada caso puntualmente e non xeneralizar a todos os núcleos.- Que hai que hacer un estudio máis minucioso e pormenorizado.

O Sr. Oubiña Lago dí que estase por resolver problemas e non ir a tramitar caso por caso.- Que claro que están a favor de rúas anchas, pero no ano 2001 o equipo da Sra. Peña Muñiz reduciu as pistas de 6 metros do eixo da vía e corrixiu a 5 m.; pero es que ademais dita modificación nunca se remitiu á Consellería e non era efectiva e se viña aplicando igual, pero non se podería ter aplicado.- Que os problemas veñen agora e que non se vai a facer unha modificación puntual cada vez que haxa un problema



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

nun núcleo.- Lémbrale á Sra. Peña que en Mamuela se fixeron pistas de 5 m. De ancho (cun retranqueo de 2,5 m)

A Sra. Peña insiste en que debe estudiarse cada núcleo detalladamente e lle explica ó Sr. Oubiña que Mamuela era un núcleo tradicional e non se ían a tirar vivendas; que ela non dí que se vaia a facer 20 ou 40 modificacións puntuais, pero que se estudie detidamente cada un; que non é o mesmo que sexa unha vía principal ou secundaria, ou se o núcleo está consolidado ou non; que se faga unha soa modificación, pero estudiando detenidamente todos os núcleos.- Dí que cómo lle vai explicar ós veciños que antes se retranquearon cinco metros, que agora outros poden retranquear menos

A Sra. Martínez Troncoso dí que a lei permite un mínimo de 4 metros; que esta lei que é tan restrictiva noutros aspectos, abre a man e permite o retranqueo a esta distancia, cando antes era a 5 metros.

O Sr. Alcalde dí que estase tratando de dar solucións a situacións que se plantexan de forma cotidián e por favorecer ós veciños; que ella estivo durante 15 anos aplicando uns retranqueos de 5 metros cando eran incorrectos xa que non se había dado a debida tramitación, e ela non se preocupaba se se facían ben as cousas.

A Sra. Peña Muñiz dí que ela non daba licencias senon a Xunta de Goberno en base a un plan de ordenación (que había redactado o actual asesor urbanístico; dí que parece que este goberno parece que son os salvadores dos veciños que veñen a por orde, como se antes se fixera todo mal e agora todo ben.

O Alcalde dí que parece que quere facer selección de modificar as aliñacións nunhas parroquias sí e noutras non.-

Que hai zonas non consolidadas (con peches a 4 metros e as edificacións a un mínimo de 3 dos peches); lembra que o tema urbanístico é moi complexo e se se establecen aliñacións é para que se cumpla; que a intención é acercarse á realidade dos núcleos; que é difícil explicar ós veciños que se teñan que retranquear máis se hai consolidación; que é moi difícil en concellos pequenos acadar estradas de 10 metros de ancho se ó mellor hai xa aliñacións a 4 metros.

Remata dicindo que é unha proposta que debería consesuarse e se non é así seguirán adiante coa tramitación; que o que se quere é mellorar a aliñación; que nalgúns casos non se cumpren os retranqueos e volve a lembrar que ós dous meses de aprobar o PXOM o anterior equipo de goberno fixo un informe que nunca se tramitou ante a Consellería e non tiña toda a seguridade xurídica que tiña que ter.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor e cinco abstencións (P.P.), acorda:



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

1º.- Iniciar a tramitación da Modificación Puntual nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

2º.- Que se remita o documento á Secretaría Xeral de Calidade Ambiental para que emita o "Documento de Referencia Ambiental", como paso previo á redacción do Informe de Sostenibilidade Ambiental.

3º.- Que, posteriormente, xunto cos informe preceptivos se remita á Consellería de Medioambiente e Ordenación do Territorio para o seu informe, todo elo previamente á aprobación inicial do mesmo.

### **9º.- DAR CONTA DE DIVERSAS ACTUACIÓNS E ESCRITOS PRESENTADOS.-**

1º.- O Sr. Alcalde toma a palabra para dar contestación ó escrito presentado polo Partido Popular no que se solicitaba que se organizara a conmemoración do 50 aniversario do Colexio Julia Becerra Malvar; indica, que como xa se fixo constar anteriormente, se había transmitido ó C.P.I. se querían que se organizara algún acto ou se tiña previsto a organización dalgún por parte do centro; dende dito Centro contestaron con data 2 de setembro de 2016 que agradecían o interese, pero que non tiñan previsto realizar acto conmemorativo algún.

2º.- Polo que respecta ó escrito presentado polo P.P. no que preguntaba polo conflito xurdido no colexio polo tema da non utilización do pavillón para clases de ximnasia, o Sr. Alcalde contesta que no mes de xuño xa se tiña aclarado a cuestión co centro e coa Delegación de Educación e entendíase que o asunto estaba pechado e a principios de setembro volve a sorpresa de que os nenos non saen a utilizar o campo de fútbol nin o pavillón.

O día 13 de setembro o comunica unha nai, e no Concello non se sabía nada, xa que non o habían comunicado; ese mesmo día se remite mail á delegación e o colexio colga na súa páxina un comunicado culpando ó concello da situación; o día 14 o centro comunica ós pais a decisión de non sair a realizar as actividades de educación física; o día 15 tense unha reunión co xefe territorial de educación e os nenos de secundaria ponse en contacto co alcalde para decir que non lles deixan saír por culpa do concello e o día 16 veñen pais e nais a decir que tiveron unha reunión no cole e se lles dixo que tiñan que presionar no concello para solucionar o asunto

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

despois de varias xestións tense coñecemento que a decisión ven dada porque entendían que os profesores non estaban cubertos pola póliza de responsabilidade e accidentes que a Consellería ten subscrita e non por culpa do Concello que xa lles tiña





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

remitido en xuño un escrito no que se comunicaba formalmente a autorización de uso das instalacións que viñan disfrutando dende sempre.

Cando a Consellería aclara o tema do seguro cos profesores é cando se volve a utilizar as devanditas instalacións para as clases de educación física e para actividades de lecer.

3º.- O Alcalde da conta de que estanse a iniciar o expediente para a inscrición no Rexistro de Xacementos Arqueolóxicos do Monte do Castro.

Dí que o P.P. montou un show por el tema da limpeza do Monte do Castro, pero o Concello en canto obtivo o permiso de Patrimonio se limpiou; que o 30 de agosto detectouse que non estaba inscrito e o 5 de setembro xa solicitouse información para incorporalo ó rexistro; dí que o anterior equipo de goberno nunca preocupouse de que estivera inscrito e logo mostran tanta preocupación pola súa limpeza.

4º.- En relación co escrito presentado polo P.P. no que solicita a urbanización da Rúa Condasa, fronte ó comedor dí que no que dita obra de urbanización fíxose na etapa na que José Ramón Barral era alcalde e nos case quince anos que ela estivo de alcaldesa non fixeron as obras de mellora que agora solicita; dí que esta de acordo en que hai que facer melloras e estase a estudar, pero necesítase un tempo.

Engade que tamén deberían de terse preocupado de retirar os carteis electorais do P.P. que seguían pegados nesa rúa dende o ano 2011.

5º.- Respecto ó escrito presentado no que o P.P. dí que hai problemas no Punto Limpo dí que, efectivamente, nun momento puntual estaban cheos os contedores e se vaciaron esa mesma semana, pero non é certo que os veciños non puideran depositar os residuos.

Que se é certo que alguén non puido depositar os residuos que necesita os datos de quen foi ou o día que foi porque se houbo algún problema hai que saber de quen é responsabilidade e non van permitir que haxa problemas de mala atención; pero insiste en que no concello nadie presentou queixa.

6º.- Polo que atañe ó mantemento do campo de fútbol explica que cada mantemento custa sobre 1.800,00 euros; que está de acordo en que hai que mantelos, e ata de agora se viña facendo mal, e tocaba facer o mantemento en setembro.

Que estabase pensando en comprar unha máquina e se lle comentou a algunha entidade deportiva, porque o aconsellable é realizar dous ou tres mantementos ó ano, e era un investimento moi importante e que ata de agora non se tiña feito o mantemento esta tempada porque se estaba pendente de se se compraba a máquina.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Pero agora resulta que unha das melloras presentadas pola empresa adxudicataria das obras de edificio anexo ó pavillón é a de realizar 3 mantementos ó ano en cada un dos campos de fútbol durante 6 anos.

7º.- Respecto a unha notas de prensa publicadas polo P.P. nos últimos días dí que non son serias e as queren concretar:

- Nunha delas o P.P. facía referencia a que o Concello non solicitou subvencións que podían supor unha axuda importante para a mellora de certos investimentos.
- Aclara que as axudas convocadas pola Deputación para conservación do patrimonio histórico dí que non se solicitaron porque entendiuse que non encaixaba porque os cruceiros, ou muiños non son de titularidade municipal e non consta inventario de bens para poder certificar a súa titularidade.
- A de sinalización non se solicitou porque nestes momentos non había necesidade e estase a realizar unha revisión para solicitala máis adiante se se considera necesario.- De tódolos xeitos indica que dende a Mancomunidade preténdese homoxeneizar as sinais de todos os concellos que a integran.

8º.- Aclara á Sra. Peña que as axudas do Plan HURBE foron de concorrencia non competitiva e que agotouse a partida as poucas horas de abri-lo prazo de presentación.

De tódolos xeitos, quere lembrar que no ano 2015 perdeuse unha subvención no Polígono Industrial, duns 60.000 euros para este Concello, por non presentar a documentación que lle foi requerida.- Que ó mellor non é culpa súa e houbo outra persoa que fixo unha mala xestión e ela por unhas axudas que como moito darían 8.000 euros e outra que estaba feita a medida para os que xa supera dela, se atreve a salir na prensa a criticar

## **10.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

1º.- Pola Sra. Peña Muñiz se toma a palabra e, en relación co acordo adoptado en sesión celebrada no mes de agosto, pregunta que si se fixo algunha xestión ou consulta co ORAL para a recuperación da recadación de impostos e tributos en voluntaria.

A Sra. Martínez Troncoso dí que está previsto reunirse a próxima semana con responsables do ORAL para tratar ese tema.

2º.- Dí que nas actas da Xunta de Goberno figuran varias facturas dunha desbrozadora privada na parroquia de Lois e Leiro e dí que é un gasto innecesario se o Concello conta con maquinaria.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

O Sr. Alcalde contesta que o Concello contaba cunha desbrozadora e que recentemente adquiriuse un tractor e unha desbrozadora máis pequenos; que nos meses de xuño-xullo este tractor facía os traballos de desbrozado por todo o Concello, pero que este ano notouse un crecemento desmesurado das herbas e maleza e non se daba abasto para manter limpa as vías públicas e por iso alugouse un tractor, para que todo estivera ben limpo; dí que púxose dous turnos para traballar co tractor do Concello e a desbrozadora deu problemas mecánicos porque non é a desbrozadora adecuada para os traballos que hai que realizar (só aguanta un turno sen dar problemas e se non hai moita temperatura), e incluso estase pensando en cambiar a desbrozadora para este tractor.

A Sra. Peña dí que coa desbrozadora que hai pensa que debería chegar; que si estivera traballando todo o ano as pistas estarían ben coidadas; que non traballou todo o ano e agora esto supón gastos a maiores.

O Sr. Alcalde insiste en que estivo traballando todo o ano, pero que aún así este ano resultou dificultoso ten ben limpas todas as pistas de tódalas parroquias.

3.- En relación coa limpeza do Monte do Castro a Sra. Peña dí que o grupo do P.P. viña denunciando o mal estado en que se atopaba o xacemento dende antes de semana santa e resulta curioso que aínda se solicitara o permiso para a súa limpeza o día 31 de agosto; que eso da idea da deixadez de funcións do equipo de goberno.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as vintetres horas e vintedous minutos, de todo o cal, eu, como secretaria, dou fe.-

